

Boas prácticas para unha universidade máis inclusiva

Ao sumarnos ao enorme reto de ofrecerlle ao noso estudantado unha educación de calidade, máis xusta e equitativa, eliximos como paradigma a inclusión educativa.

Falar de «boas prácticas» significa ofrecer un acceso de calidade e cos medios adecuados para todo o mundo, valorando as propostas que traten elementos culturais, políticos ou prácticos da atención educativa, dende unha perspectiva inclusiva da educación intercultural (Booth e Ainscow, 2002).

Por este motivo, dende a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, a comisión técnica de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (Coaten), GPP..., estamos a impulsar proxectos, plans e accións encamiñadas a reducir as barreiras que impiden ou dificultan o acceso, participación ou aprendizaxe dos nosos universitarios/as. Prestámoslles especial atención aos/ás máis vulnerables, desfavorecidos, expostos a situacións de exclusión ou máis necesitados de calidade que responda ás súas necesidades académicas.

A inclusión é un proceso de intervención educativa moi laborioso e, aínda que se deron avances moi positivos, quedan campos por tratar. Os centros educativos son a base do cambio e é onde hai que buscar medios para incluír en lugar de excluír. Agradecemos os/as docentes con aptitudes para detectar barreiras que dificultan as aprendizaxes e animámoslos/as a que exerzan un auténtico liderado no camiño de impulsar os principios da inclusión educativa.

Para potenciar esta idea, e como marco dunha universidade inclusiva, ponse en marcha a comisión sobre diversidade Coaten, a cal se insire na corrente educativa promovida pola Unesco que sitúa o ano 2015 como o prazo en que a comunidade mundial se propuxo para cumprir co seu compromiso de ofrecer unha educación de calidade para todas e todos.

Alentámosvos a que con ilusión vos sumedes ao reto de valorar as diferenzas individuais e ver a diversidade como enriquecedora co único obxectivo de aumentar os niveis de calidade e excelencia do sistema educativo e que o noso estudantado poida verse beneficiado.

Buenas prácticas para una universidad más inclusiva

Sumándonos al enorme reto de ofrecer a nuestros estudiantes una educación de calidad, más justa y equitativa, elegimos como paradigma la inclusión educativa.

Hablar de “buenas prácticas” significa ofrecer un acceso de calidad y con los medios adecuados, para todo el mundo, poniendo en valor aquellas propuestas que aborden elementos culturales, políticos y/o prácticos de la atención educativa, desde una perspectiva inclusiva de la educación intercultural (Booth y Ainscow, 2002).

Por ello desde el Vicerrectorado de Extensión Universitaria y R.I., COATEN , GPP...., estamos impulsando proyectos, planes y acciones encaminadas a reducir las barreras que impiden o dificulten el acceso, participación o aprendizaje de nuestros universitarios, prestando especial atención a aquéllos más vulnerables, desfavorecidos, expuestos a situaciones de exclusión o más necesitados de calidad que responda a sus necesidades académicas.

La inclusión es un proceso de intervención educativa muy laborioso, y aunque se han dado avances muy positivos aún quedan campos por abordar. Los centros educativos son la base del cambio y es donde hay que buscar medios para incluir en lugar de excluir. Agradecemos los docentes con aptitudes para detectar barreras que dificulten los aprendizajes y animamos a que ejerzan un auténtico liderazgo en el camino de impulsar los principios de la inclusión educativa.

Para potenciar esta idea, y como marco de una universidad inclusiva, se pone en marcha la Comisión sobre diversidad COATEN, la cual se inserta en la corriente educativa promovida por la UNESCO que sitúa el año 2015 como el plazo q la comunidad mundial se ha planteado para cumplir con su compromiso de ofrecer una educación de calidad para todas y todos.

Alentamos a que con ilusión os suméis al reto de valorar las diferencias individuales y ver la diversidad como enriquecedora con el único objetivo de aumentar los niveles de calidad y excelencia del sistema educativo y que nuestros estudiantes puedan verse beneficiados.